

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 24 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2025 (código de procedemento PR775A).

Advertidos erros na citada Resolución do 24 de marzo de 2025, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 65, do 3 de abril de 2025, é necesario facer as seguintes correccións:

1ª) Na páxina 20342, na base cuarta, punto 4, onde di:

«4. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, os/as representantes legais das persoas solicitantes».

Debe dicir:

«4. As solicitudes serán realizadas polos/as pais/nais ou quen teña a patria potestade e, se é o caso, polos/as representantes legais da persoa menor participante».

2ª) Na páxina 20343, cómpre modificar na base quinta o seguinte:

No punto 1, eliminar o parágrafo:

«b) Un arquivo, que conteña o certificado de nacemento. Este arquivo nomearase do seguinte modo: DATOS PERSOAIS_Título do conto».

No punto 2 é necesario eliminar a frase:

«– Certificado de nacemento».

3ª) Na páxina 20344, na base sexta, punto 1, é necesario engadir unha letra f) entre a letra e) e a letra g) que diga:

«f) Consulta de concesións de subvencións e axudas».

4ª) Nas páxinas 20348 e 20349, na base décimo sexta, é necesario eliminar o punto 3:

«3. A persoa gañadora debe facilitar a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar sobre a veracidade dos datos relativos á devandita conta en que se ingresará,



mediante transferencia bancaria, a dotación do premio a que se refire o artigo 2.2 desta orde, segundo o modelo de anexo II. Este anexo, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), presentarase preferiblemente por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada».

5ª) Na paxina 20353, no punto DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA eliminar o segundo punto:

«Un ficheiro coa copia do libro de familia onde consten os datos de nome e apelidos e idade do/da menor que se presenta ao concurso, así como os datos dos seus proxenitores. Este arquivo nomearase do seguinte modo: DATOS PERSOAIS_Título do conto».

